Vigo, mes de Santiago do 1956.

Sr. Don Luis Seoane.

Querido amigo:

Recibin o teu libro "Na brétema, Sant-Iago"
e moito agradecinno.

Hai xa ~~varios~~ anos que poiden ver e lér un libro
teu, unha monografía sobor do Pascin, estaba eu entón en
Bilbao, i era o libro cásegue a primeira nova que me chega-
ba da tua vida en América. Tiven daquela unha alegría, que
logo veuse mais lendo outros teus libros, e vendo dibuxos, e
sabendo todalas novas do teu imenso traballo artístico. Todo
fixome mais que voltar os ollos e o corazón atrás, aos anos
de Compostela; deixoume ollar e gozar do teu trunfo, ollar
e gozar dunha grande obra artística, saber da permanencia
inabalabel dunha vontade a traveso dun vento marteiro, las
mordeduras dunha emigración non querida. E tróuxome a
ledtura de saber que nun tempo vindeiro poderemos, non falar
disse tempo compostelán callado na lembranza, senon falar do
froitecer distes anos agromentos. É un trunfo sobor da morte:
trunfo teu e de Galicia, o que eu coidaba tiña de celebrar
con todas e cada unha dás noticias que ia tendo de tí

Todo isto cavilei co teu libro na man, namentras ían pasan-
do as follas, e logo que o pechei e deixei estar dediante dos
meus ollos, cos verbos e os gravados teus xa no corazón.

Gracias por toda a ledicia, e o gozo que a túa obra,
e iste derradeiro libro, venme dando. E ten sabido que
sempre me terás a túa disposición, non pra te pagar o favor,
que non poderia, senon pra te amosar que non traballas
e lembras de Galicia en balde.

Unha forte aperta de

Ricardo García